

Modificacións a considerar nos Estatutos das entidades Galegas para constar no Rexistro da Galeguidade

Os estatutos da entidade deberán estar adaptados aos requisitos establecidos no artigo 8 da Lei da galeguidade, tal e como se recollen a continuación:

1. Debe tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro.
2. A súa estrutura, organización e funcionamento internos deben rexerse de acordo con principios democráticos, recoñecendo a participación dos asociados e das asociadas na toma de decisións e nos órganos de representación da entidade.
3. Ter, entre os seus fins estatutarios, o fomento e o mantemento de vínculos sociais, culturais e económicos con Galicia e co seu pobo.
4. Recoller o destino do seu patrimonio no caso de disolución. O patrimonio de valor histórico, documental, cultural, artístico e arquitectónico cederase ao pobo galego, a través da Comunidade Autónoma de Galicia, e/ou a outras comunidades galegas

asentadas dentro do territorio onde se encontre a comunidade galega, sempre de conformidade co ordenamento xurídico da Comunidade Autónoma de Galicia e dos Estados onde estea asentada esa entidade.

5. Recoller nos seus estatutos o deber de preservar o seu patrimonio e asemade o deber de colaborar co Goberno galego tanto na catalogación e inventario como na posta en valor do patrimonio de Galicia no exterior.
6. Non recoller nos seus estatutos e demais normas de funcionamento ningún precepto ou disposición que contradiga o disposto na Constitución española, no Estatuto de autonomía de Galicia e na demais lexislación española e galega en materia de dereitos individuais e colectivos.

No caso de que esa entidade deba modificar os seus estatutos para adaptalos aos requisitos establecidos na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade e no decreto, poderán presentar a documentación acreditativa da adopción, pola asemblea xeral de socios/as ou órgano previsto nos seus Estatutos, do acordo de modificación destes, que unha vez legalizados, remitirán ao órgano competente en materia de emigración

